

ACTA Nº 9

Abalo Núñez, M^a del Rocío
Maceiras García, M^a Lourdes
Núñez Ocampo, Marina

Desculpan a súa ausencia:

García Pomar, Dionisio
Novogil Souto, José Vicente

Na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da Facultade de Fisioterapia, sendo as 10,00 horas do día 16 de outubro de 2020, e en convocatoria única, procédese a celebrar a Xunta Ordinaria da Comisión Ambiental, convocada por orde da Presidenta.

Asisten os membros relacionados á marxe esquerda, co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Informe da Presidenta.**
- 3. Revisión, elaboración e aprobación, se procede, de accións para levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2020-2021, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.**
- 4. Outros asuntos.**
- 5. Rogos e preguntas.**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase a acta 8 (correspondente á xuntanza ordinaria do 2 de outubro de 2019).

3.- Informe da Presidenta.

A Presidenta informa de que vai haber proximamente unha xuntanza do Comité Ambiental do Green Campus deste campus, e de que pediron, dende a Vicerreitoría de Campus, que enviásemos as accións que se poderían levar a cabo dende esta facultade durante este curso 2020-2021, para elaborar o Plan de Acción do Green Campus.

4.- Revisión, elaboración e aprobación, se procede, de accións para levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2020-2021, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.

A Presidenta subliña que hai que ter en conta que o que propoñamos é para facer nós, na facultade e dende a facultade. Coméntanse entre as persoas presentes, e quedan propostas as seguintes accións para seren levadas a cabo o curso que ven, e seren comunicadas á Comisión de Xestión Ambiental do Campus para a súa posible realización:

- 1.- Continuar coa visibilización do que xa se está a facer, para chamar a atención sobre o Programa Green Campus e concienciar á comunidade da facultade: redución da xeración de residuos e recollida selectiva dos residuos. Lembrar e volver a insistir nos compromisos eco-docentes e eco-estudantes (que están na nosa web, na Comisión Ambiental), tendo en conta a docencia semipresencial que temos este curso, debida á pandemia de COVID-19.
- 2.- Continuar informando a todos os cursos, a través da FaiTIC, sobre o programa Green Campus, en diversas materias, e seguilo incluíndo na programación das materias que sexa posible.
- 3.- Continuar enviando a todo o profesorado da Facultade os borradores das actas das xuntanzas, para que teña información e poida facer suxestións ao longo do curso.
- 4.- Levar a cabo, de xeito virtual, a exposición de Arte Postal “Queremos SaudArte dende o Green Campus”. Facer un catálogo dela en pdf e difundilo a través da web da facultade.
- 5.- Solicitalle á Vicerreitoría, como xa fixemos o curso pasado, que inste ás empresas que levan a contrata das máquinas expendedoras de bebidas e comidas (máquinas *vending*) na Universidade de Vigo a que poñan as culleriñas ou “remexedores” de madeira ou de cartón, en vez de telos de plástico.
- 6.- Solicitalle á Vicerreitoría, como xa fixemos o curso pasado, a instalación, no Campus, de contedores de roupa e calzado (Cáritas ten contedores de roupa noutras zonas...).
- 7.- Solicitalle á Vicerreitoría, como xa fixemos o curso pasado, que semente plantas aromáticas e medicinais polo Campus e nas rotondas del (lavanda, tomiño, romeu, menta, herba luísa, salvia...). Así tamén podería engadirse a Fitoterapia aos coñecementos do alumnado do Campus.

8.- Solicitalle á Vicerreitoría, como xa fixemos o curso pasado, que se utilice o Campus, conxuntamente coa Illa das Esculturas, para crear rotas e itinerarios cardiosaudables; e que non sexa só a rota, senón que tamén se indiquen outros datos, como quilocalorías que se gastan, etc., dado que a organización que leva o programa Green Campus, ADEAC - FEE (Asociación De Educación Ambiental y del Consumidor - Foundation for Environmental Education), leva tamén o programa Sendeiros Azuis, que son itinerarios que van ás praias polas costas, pero aquí poderían facerse cara ao río e á praia fluvial que temos nel. Esta acción podería ser levada a cabo de xeito conxunto pola Facultade de Fisioterapia e pola Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

9.- Solicitalle á Vicerreitoría que se cree unha Aplicación (*App*) de realidade aumentada para visitar o Arboreto de xeito que, cando se estea ante unha árbore, non haxa que andar poñendo o código QR para ler o que hai na pantalla do móbil, o alumnado dos centros escolares que visiten o Arboreto poderían escoitar unha pequena historia, en audio ou vídeo, sobre esa árbore e que ligue ese exemplar a outros que poida haber na contorna, na cidade de Pontevedra, e, mesmo, en Galicia. Por outra banda, parece que non haxa fauna no Campus..., e hai paxaros e outros animais..., habería que poñer tamén información da fauna (aínda que xa hai unha pequena explicación na Guía do Arboreto, pero é escasa). E..., poderíase incluír información de máis flora ca árbores..., plantas, arbustos..., e incluír máis árbores no Arboreto. E xa, de postos, o Campus e o Arboreto deberían figurar claramente en Google Earth (xa que os datos do Arboreto están en Google Maps), de xeito que o poidamos promocionar. Outra suxestión é que, nas próximas versións da Guía do Arboreto, se inclúan nela os códigos QR que teñen as árbores.

10.- Solicitalle á Vicerreitoría que, tendo en conta, que as mesas e bancos de madeira que se puxeron arredor das árbores están a ter éxito, están sendo usadas, igual podería pensarse en ampliar o seu número...

11.- Fomentar os paseos polo Campus cazando *Pokémoms*, como fórmula antisedentarismo, con *Paradas* que dean datos sobre o Campus, e a súa flora e fauna. Non necesita ser da franquicia Pokémon, hai programas similares de software libre que traballan de xeito parecido. E podería ser unha mestura entre xogo de Pokémon e Yincana (*gymkhana*), facer probas ao mesmo tempo que se cazan Pokémons. Unha especie de rota en plan *Descubre os Tesouros*, de xeito que os obrigue a pasear polo Arboreto e o Campus, e a descubrir os tesouros agochados en cada exemplar, con preguntas, retos, etc. Isto pode ser un só xogo ou dous: por unha banda a caza de Pokémons e a información sobre o Campus e o Arboreto, e pola outra banda, a probas e as pistas... Ou, mesmo, que teñan que facer primeiro o de información e despois o das probas (que, polo menos unha parte delas, poderían estar baseadas na información). Isto pensado de cara á colaboración cos centros escolares estaría ben... A Facultade de Fisioterapia podería traballar na parte de fondo, pero non na de forma, non temos habilidades de programación informática.

12.- Facer algún xogo con historia..., atraínte para xogadores e xogadoras deste tipo, baseado no coñecemento do Campus e do Arboreto, coa historia do Campus e a da cidade... Este sería virtual, para o noso alumnado e o dos institutos, mesmo, se o xogo ten varios niveis, podería pensarse para todo tipo de centros escolares. Como no punto anterior, a nosa colaboración podería ser de fondo, datos e demais... Xa houbo unha exposición sobre este tema, e os paneis están na Escola de Enxeñaría Forestal.

Apróbanse estas propostas.

5.- Outros asuntos.

Non hai.

6.- Rogos e preguntas.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11,00 h.

A secretaria

A presidenta

M^a Lourdes Maceiras García

M^a del Rocío Abalo Núñez